

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS INDIVIDUAIS PARA O USO DO SERVIZO DE TAXI COMO MEDIO ALTERNATIVO PARA AS PERSOAS CON DIFICULTADES DE MOBILIDADE OU QUE PRESENTAN LIMITACIÓNS PARA O USO DO TRANSPORTE COLECTIVO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. ANO 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Constitución Española de 1978, no seu artigo 9.2, establece que os poderes públicos promoverán as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, removerán os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitarán a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social. Por outra parte, no seu artigo 49, establécese que os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade, ás que lles prestarán a atención que requiran para o exercicio dos dereitos que o título I lle outorga a toda a cidadanía. Así mesmo, o artigo 4.2 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúelles aos poderes públicos de Galicia a promoción das condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade dos individuos e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, para o cal removerán os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

A Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, do 13 de decembro de 2006, ratificada polo Estado español e publicada no BOE o 21 de abril de 2008, establece o compromiso de promover, protexer e asegurar o pleno gozo dos dereitos humanos e liberdades fundamentais, en condicións de igualdade por parte das persoas con discapacidade, así como o de promover o respecto á súa dignidade inherente. A Convención convértese nun instrumento, con carácter vinculante, que defende e garante os dereitos das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da vida, como son a educación, a saúde, o traballo, a cultura, o ocio e a participación social e económica, e considera a accesibilidade como un elemento transversal de cada un dos ámbitos.

Seguindo os obxectivos da Convención das Nacións Unidas, a Unión Europea elaborou a Estratexia europea sobre a discapacidade 2010-2020 co fin de que todas as persoas con discapacidade poidan gozar dos seus dereitos e beneficiarse plenamente da súa participación

na economía e na sociedade europeas. A Estratexia identifica oito áreas primordiais de actuación, a primeira das cales é a accesibilidade aos bens e servizos, en especial aos servizos públicos, e a utilización dos dispositivos de apoio ás persoas con discapacidade. En consecuencia, esta lei recoñece expresamente que, nun contorno accesible e sen barreiras, as persoas con discapacidade melloran, de forma significativa, as súas habilidades e a súa autonomía, incrementan a súa participación e autoxestión na vida diaria e social, evitan situacións de marxinación, reducen a dependencia de terceiros e incrementan a prevención desta dependencia.

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia sinala na súa exposición de motivos que a promoción da autonomía persoal constitúe un dos principais retos da política social, que se concreta en atender as necesidades daquelas persoas que, por atoparse en situación de especial vulnerabilidade, requiren apoios para desenvolveren as actividades esenciais da vida diaria, acadar unha maior autonomía persoal e poder exercer plenamente os seus dereitos como cidadáns.

A Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade afonda no modelo social da discapacidade, cuxo precedente inmediato é a Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, pero dá un decidido impulso reformador no sentido de salvagardar os dereitos das mencionadas persoas co obxectivo de favorecer a toma de decisións en todos os aspectos da súa vida, tanto persoal como colectiva, avanzar cara á autonomía persoal e garantir a non discriminación nunha sociedade plenamente inclusiva.

O Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social obriga aos poderes públicos a garantir o dereito á igualdade de oportunidades e de trato, así como ao exercicio real e efectivo de dereitos por parte das persoas con discapacidade, nas mesmas condicións có resto da cidadanía, a través da promoción da autonomía persoal e da accesibilidade universal, de acceso ao emprego, da inclusión na comunidade e a vida independente, consonte o disposto nos artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución Española de 1978 e na Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade.

A existencia de medios de transporte adaptados e alternativos resulta esencial para que as persoas afectadas por diversos tipos de discapacidade poidan desenvolver unha vida independente e, en consecuencia, gozar dos mesmos dereitos que o resto da cidadanía.

II

Por outra banda, a normativa de réxime local (de acordo ao disposto no art. 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no art. 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes, de acordo ao establecido nos artigos 25.2.e e 26.1.c da mencionada Lei 7/1985, do 2 de abril e no art. 81.c da Lei 5/1997, do 22 xullo.

Alén disto, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúelle ás corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándoos como servizos de carácter integrador que constitúen a principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

Este texto marco para a regulamentación dos servizos sociais de Galicia fixa, no seu art. 3, como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais o de garantir a vida independente e a autonomía das persoas en situación de dependencia.

Por outra banda, a Estratexia galega de envellecemento activo dende a innovación 2016-2020 (ESGAEN), como texto marco que inspira as actuacións para acadar unha vida activa saudable, independente e segura, fundamenta as liñas estratéxicas en varios eixes transversais, entre os que se destacan a discapacidade e o proceso de envellecemento no ámbito rural. Na terceira liña estratéxica contempla a necesidade de favorecer a comunicación como ferramenta de inclusión, traballando a prol da igualdade de oportunidades, aspecto especialmente importante para as persoas con problemas de mobilidade e, tamén, para as persoas maiores ou con discapacidade que residen no contorno rural.

Tendo en conta pois que as persoas afectadas por graves problemas de mobilidade ou aquelas que, pertencendo ao colectivo de persoas maiores, tendo diagnosticado unha doenza que lle impida a condición de vehículos ou tendo recoñecida unha discapacidade, residen no contorno rural, ven limitadas as súas posibilidades de utilización dos servizos de transporte público, deberán ser obxecto de medidas compensatorias para corrixir as desigualdades. Corresponden, xa que logo, a este Concello, as encamiñadas a:

- Facilitar o desenvolvemento da vida diaria, incidindo no principio de igualdade de dereitos.
- Fomentar a autonomía e o desenvolvemento das capacidades persoais.
- Favorecer a convivencia comunitaria, dende o respecto á diferenza de cada quen.

III

Con base nas competencias indicadas anteriormente e co obxecto de mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por graves discapacidades que afectan á súa mobilidade ou aquelas que, pertencendo ao colectivo de persoas maiores ou tendo recoñecida unha discapacidade, residen no contorno rural, e evitar o risco de exclusión social por este motivo, é intención do Concello de Santiago de Compostela convocar axudas individuais que pretendan facer reais e efectivos os principios recollidos no art. 2 da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia así como os obxectivos recollidos no apartado 2.1 da Estratexia galega de envelhecimento activo dende a innovación 2016-2020 (ESGAEN) e que fan referencia a:

- *Normalización*, principio en virtude do cal as persoas maiores ou con discapacidade deben poder acceder aos mesmos lugares, ámbitos, bens e servizos que estean a disposición da veciñanza.
- *Inclusión social*, liña de intervención para que persoas participen plenamente na sociedade na que viven e na vida social, laboral e cultural, fundamentalmente.
- *Igualdade de oportunidades*, obxectivo en virtude do cal se adoptan medidas de acción positiva orientadas a evitar ou compensar as desvantaxes das persoas maiores ou con discapacidade e, mais concretamente, as que presentan mobilidade reducida ou residen no contorno rural, coa finalidade de que poidan participar plenamente na comunidade.
- *Vida independente*, obxectivo que consiste en que todas as persoas poidan exercer o dereito a participar activamente na vida da cidade, conforme ao dereito ao libre desenvolvemento da personalidade.

A concesión destas axudas individuais farase consonte as seguintes **BASES REGULADORAS**:

1.- OBXECTO

Esta convocatoria ten por obxecto regular a xestión de axudas económicas, de carácter individual, que concede o Concello de Santiago de Compostela a persoas que a causa da súa discapacidade, enfermidade crónica, tratamento que reciba ou idade teñan dificultades para o uso do transporte público, condicionado ao cumprimento dos requisitos establecidos no apartado 3 das presentes bases.

O importe máximo desta convocatoria é de **15.000** €, que irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800100/22.

Ao abeiro do disposto no artigo 55.1 do Real decreto 887/2006, nesta convocatoria exceptúase do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, para o caso de que o crédito consignado na convocatoria fora suficiente.

Non obstante, se a contía que corresponda a todas as persoas que cumpran os requisitos supere a cantidade consignada nos orzamentos para esta finalidade, a adxudicación da axuda individual farase primando ás persoas solicitantes que teñan menos ingresos.

2.- PERSOAS BENEFICIARIAS

En liñas xerais poderán ser persoas beneficiarias destas axudas as persoas empadroadas e residentes no Concello de Santiago de Compostela, que se atopen nalgún dos seguintes supostos:

- a. Que teñan recoñecida unha discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, impedíndolles ou dificultándolles gravemente a utilización dos transportes públicos colectivos.
- b. As persoas que teñan recoñecida unha discapacidade visual que implique un grao de limitación na actividade igual ou superior ao 75 %, tal como dispón o artigo 32.2 da Lei 10/2014, do 3 decembro, de accesibilidade.

- c. As persoas sometidas a tratamentos periódicos, administrados dende calquera centro hospitalario da cidade, que acrediten mediante informe médico as dificultades ou a non conveniencia de condución de vehículos e de uso do transporte público.
- d. Persoas con discapacidade, residentes no contorno rural deste termo municipal, polas limitacións derivadas da menor frecuencia ou accesibilidade ás liñas de transporte público.
- e. Persoas residentes no contorno rural que, afectadas por unha determinada doenza, acrediten mediante informe médico que non están autorizadas a conducir, dadas as limitacións derivadas da menor frecuencia ou accesibilidade ás liñas de transporte público.
- f. Persoas maiores, residentes no contorno rural deste termo municipal, polas limitacións derivadas da menor frecuencia ou accesibilidade ás liñas de transporte público.

As persoas potencialmente beneficiarias destas axudas non poden estar comprendidas nalgunha das prohibicións para seren beneficiarias de subvencións previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.- REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estaren empadroadas no ámbito territorial do termo municipal de Santiago de Compostela e permanecer de alta no Padrón Municipal mentres perciban a axuda.
- b) Atoparse nalgún dos seguintes supostos:
 - 1. Teren recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade, cun grao igual ou superior ao 33 % e mobilidade reducida que impida ou dificulte gravemente o emprego de transportes públicos colectivos. Esta circunstancia debe estar acreditada no certificado oficial ou na tarxeta acreditativa do grao de discapacidade emitidos ambos documentos polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.
 - 2. Acreditar, mediante certificado de discapacidade ou informe médico, unha discapacidade visual que implique un grao de limitación na actividade diaria, nun grao igual ou superior ao 75 %, tal como dispón o artigo 32.3 da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

3. Acreditar, mediante informe médico, a necesidade de tratamento periódico administrado en calquera centro hospitalario da cidade, que lle dificulte a condución de vehículo ou o uso normalizado do transporte público.
 4. Teren recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade, cun grao igual ou superior ao 33 % e residir no contorno rural. Estas circunstancias deben estar acreditadas no certificado oficial ou na tarxeta acreditativa do grao de discapacidade emitidos ambos documentos polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e no certificado de empadramento emitido dende este concello.
 5. Estar afectados por un determinada doenza que impida a condución de vehículos e resida no contorno rural, dadas as limitacións derivadas da menor frecuencia ou accesibilidade ás liñas públicas. Estas circunstancias deben ser acreditadas mediante informe médico e no certificado de empadramento emitido dende este concello.
 6. Ter unha idade igual ao 65 anos ou mais e residir no contorno rural, dadas as limitacións derivadas da menor frecuencia ou accesibilidade ás liñas públicas. Estas circunstancias deben ser acreditadas mediante o certificado de empadramento emitido dende este concello.
- c) Non dispor duns ingresos persoais superiores ao 300 % do IPREM vixente anual.
Os ingresos calcularanse tendo en conta a totalidade dos rendementos derivados de:
- Rendementos do traballo.
 - Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario.
 - Rendementos das actividades económicas.
 - Outros rendementos que consten na declaración.
- d) Que a persoa solicitante desta axuda careza de vehículo adaptado. Poderase eximir deste requisito aquelas que, por causas debidamente xustificadas, calquera circunstancia lle impida a súa utilización.
- e) Non ser beneficiario do Transporte Adaptado 065 da Xunta de Galicia para esa mesma finalidade. Poderá solicitarse estas axudas cando non exista dispoñibilidade de desprazamento por este servizo e sexa acreditado pola persoa solicitante.
- f) Estar ao corrente durante todo o período subvencionable, e ata o último trámite de xustificación, no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Santiago e coa Seguridade Social.

4.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

4.1.- As axudas poderán ser solicitadas polas persoas que consideren que reúnen os requisitos anteriores ou por quen exerza a súa representación, nos supostos de menores de idade ou persoas con declaración xudicial de modificación da capacidade.

4.2.- A solicitude, irá acompañada da seguinte documentación:

1. Documento de identidade da persoa solicitante e, se é o caso, documento de identidade correspondente ao representante legal e documentación acreditativa da patria potestade ou representación legal (libro de familia ou resolución xudicial).
2. No caso de optar a esta axuda por estar afectado por algunha discapacidade, certificado oficial ou da tarxeta acreditativa desta situación, expedidos ambos documentos polo Equipo de Valoración e Orientación da Xunta de Galicia.
3. No caso de optar a esta axuda por estar afectado por algunha doenza que lle impida a condución de vehículos e residan no contorno rural, informe médico que acredite o devandito impedimento.
4. No caso de optar a esta axuda por estar a tratamento en centro hospitalario que lle dificulte a condución de vehículos e o uso do transporte público, informe médico que acredite o devandito impedimento.
5. Certificado de empadramento e convivencia. Esta documentación só será presentada no caso de non autorizar o Concello de Santiago de Compostela para obter esta información.
6. Xustificación documental dos recursos económicos: declaración do IRPF do último exercicio económico da persoa solicitante. Esta documentación só se achegará no caso de non autorizar ao Concello de Santiago de Compostela para obter esta información da AEAT.
7. Certificado bancario co código IBAN da conta na que desexa que ingresen a prestación no caso de que sexa concedida.
8. Dende a Área de Acción Social poderase solicitar calquera outra documentación que se considere conveniente e aclaratoria para o procedemento.

5.- CONTÍA DAS AXUDAS

O importe destas axudas non poderá superar a cantidade anualmente orzada para esta finalidade. A contía mencionada repartirase entre as persoas usuarias segundo o tramo de ingresos e de acordo co establecido na seguinte táboa:

LÍMITE DE INGRESOS	CONTÍA MÁXIMA QUE SE CONCEDE
ATA O 150 % DO IPREM ANUAL	350 €, pago único.
MÁIS DO 150 % E ATA O 250 % DO IPREM ANUAL	250 €, pago único.
MÁIS DO 250 % E ATA O 300 % DO IPREM ANUAL	150 €, pago único.

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes, que estarán a disposición das persoas interesadas na Concellaría de Políticas Sociais e Saúde, nos diferentes puntos de atención de Servizos Sociais municipais e na páxina web www.santiagodecompostela.gal, formalizaranse segundo os modelos normalizados que se inclúen neste documento, e que se presentarán debidamente cubertos, xunto coa documentación que se detalla na base 4, preferiblemente por vía electrónica, utilizando a sede electrónica do concello sede.santiagodecompostela.gal, ou tamén a través do “Rexistro Electrónico Común - REC”, accesible no enderezo electrónico <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>.

Alternativamente poderase presentar en soporte papel na oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello, ou en calquera dos órganos sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes presentaranse no prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A solicitude implicará a autorización ao Concello de Santiago de Compostela para que realice as actuacións de comprobación que cumpran para verificar a información facilitada polas persoas solicitantes, a concorrencia dos requisitos esixidos e o cumprimento das obrigas da persoa beneficiaria derivadas da concesión.

7.- EMENDA E MELLORA DAS SOLICITUDES

No suposto de que as solicitudes non cumpran os requisitos establecidos nestas bases ou a documentación presentada fose incompleta, o Departamento de Servizos Sociais publicará no taboleiro de anuncios do Concello, da Concellaría de Políticas Sociais e Saúde e na páxina web do Concello www.santiagodecompostela.gal un requirimento que conterá a relación de solicitudes que deben ser emendadas, con indicación do número de identidade da persoa solicitante, para que no prazo de 10 días naturais corrixan a falta ou acheguen os documentos preceptivos, indicándose que, se non o fixeran, se considerará que desistiron das súas peticións, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

8.- INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DAS AXUDAS INDIVIDUAIS

As axudas obxecto desta convocatoria tramitaranse en réxime de concorrencia non competitiva, consonte os requisitos establecidos nestas bases e adxudicando, cos límites fixados nesta convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

A comprobación do cumprimento dos requisitos das solicitudes corresponderá a unha Comisión, nomeada para tal efecto pola concelleira delegada de Políticas Sociais e Saúde entre o persoal dos diferentes servizos da Área de Acción Social, e da que formará parte como secretario, un/unha funcionario/a administrativo/a da Área. O/a secretario/a redactará a correspondente acta de cada sesión da comisión.

O Departamento de Servizos Sociais será o órgano competente para a instrución do procedemento, que deberá verificar o cumprimento das condicións impostas nestas bases para adquirir a condición de persoa beneficiaria, para o que poderá pedir cantos informes considere necesarios e fará constar que da información que consta no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás axudas.

Rematada a instrución do procedemento, o expediente remitiráselle á antedita comisión, que comprobará as solicitudes das axudas, poñendo de manifesto os criterios utilizados de acordo co contido nestas bases, e emitirá o seu informe, no que se concretará o resultado acadado, ao amparo dos criterios fixados nas bases desta convocatoria.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se deba formular

a proposta de resolución e, a vista do expediente e do informe da antedita comisión, formulará proposta de resolución, á que se refire o artigo 24 LXS, que incluíra a relación de solicitudes presentadas, con indicación do documento de identidade da persoa solicitante e a contía máxima concedida. Así mesmo, recollerá as solicitudes denegadas, cos motivos do seu rexeitamento. Esta resolución provisional publicarase no taboleiro de edictos do Concello, da Concellaría de Políticas Sociais e Saúde e na páxina web do Concello (www.santiagodecompostela.gal) para os efectos de reclamacións e concederase un prazo de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á data da publicación, para que as persoas interesadas poidan presentar as alegacións ou os documentos que consideren convenientes.

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a concesión das axudas, e ditará resolución definitiva motivada segundo o disposto nas bases e de acordo coa antedita proposta de resolución. O seu acordo porá fin á vía administrativa e publicarase na mesma forma que a resolución provisional.

A dita publicación substituirá a notificación individual, nos termos que establecen os artigos 42-43 e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas sen prexuízo do disposto no artigo 46, relativo á indicación de notificacións e publicacións.

9.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Esta axuda concrétese na concesión dunha contía económica que será utilizada polas persoas beneficiarias nos seus desprazamentos persoais, facendo uso do servizo público de taxi.

Para a súa xustificación, as persoas beneficiarias deberán presentar as facturas correspondentes como **data máxima o 30 de setembro do ano que andamos** e os servizos de taxi deben estar realizados dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o período máximo de xustificación.

Dita xustificación presentarase preferiblemente por vía electrónica, utilizando a sede electrónica do concello sede.santiagodecompostela.gal, ou tamén a través do “Registro Electrónico Común - REC”, accesible no enderezo electrónico <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>.

Alternativamente poderase tamén presentar en soporte papel na oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello, ou en calquera dos órganos sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A xustificación documental do gasto efectuado con cargo o proxecto ou actividade obxecto de subvención comprobarase coa presentación de:

- a) Facturas orixinais de gasto (correspondentes o período subvencionable) da totalidade da actividade subvencionada, ou os demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa e, no seu caso a documentación acreditativa do pagamento, ou as súas fotocopias debidamente compulsadas, xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento. As facturas deberan reunir, en todo caso, os requisitos previstos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, modificado polo Real decreto 828/2013, do 25 de outubro., e no seu caso, coas particularidades previstas no artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor engadido, respecto das exencións en operacións interiores.
- b) A xustificación do pagamento das facturas, ou documentos equivalentes, farase mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria etc.) en que consten os requisitos especificados polo art. 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En concreto, deberá conter o número de factura, data de expedición, obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura, número de Identificación Fiscal do que expide a factura e domicilio de ambos. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas das que é obxecto.
- c) Se presentan facturas pagadas en efectivo, deberá constar na mesma o selo da empresa, con indicación de “recibín ou pagado” e a sinatura e data de pagamento, así como unha declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, de que as mesmas foron pagadas integramente con cargo ós fondos da entidade beneficiaria. En todo caso o importe máximo como xustificante de gasto, admitido mediante esta modalidade de pagamento para os efectos de xustificación da

presente subvención establece en 600 € (seiscentos euros) por factura (Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude). Non se admitirá en ningún caso o fraccionamento de determinados gastos para os efectos de respectar o límite establecido neste parágrafo.

Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada.

Cando o Departamento de Servizos Sociais aprecie a existencia de defectos subsanables na xustificación e de conformidade co previsto no artigo 71.2 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 28/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación co artigo 73, da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñerá en coñecemento da persoa interesada para que, no prazo de dez días, proceda a súa subsanación.

Con respecto á forma de pagamento, estarase o disposto nas Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago vixentes. Igualmente serán de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pagamento realizarase previa xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a axuda, así como, da aplicación dos fondos destinados para o efecto e unha vez aprobada a xustificación correspondente pola Xunta de Goberno do Concello de Santiago de Compostela.

10.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten para executalas poderán interperse, potestativamente, os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano municipal autor do acto administrativo, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao da notificación ou, se é o caso, publicación do acto que se recorra.

- Alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte ao da notificación/publicación do acto que se recorra.

11.- TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais que deban facilitar as persoas solicitantes das axudas serán utilizados unicamente para comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter as ditas axudas e serán tratados exclusivamente para os efectos da concesión destas, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Política Social e Saúde do Concello de Santiago de Compostela.

As persoas solicitantes das axudas serán informadas de xeito expreso, preciso e inequívoco do tratamento dos seus datos persoais polos profesionais da Área de Acción Social do Concello de Santiago de Compostela, da finalidade da súa obtención, do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poida ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito á honra, intimidade persoal ou imaxe e da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na lexislación vixente.

12.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS.

De acordo co artigo 18 da LXS: “1.-A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións. A tales efectos, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e ás resolucións de concesión recaídas nos termos establecidos no artigo 20”.

Conforme ao sinalado nas bases Nº 1 e 2 da convocatoria, a condición de persoas beneficiarias se refire a persoas con discapacidade que, por teren gravemente afectada a súa mobilidade, ou por residir en zonas rurais, non poden utilizar con carácter xeral o transporte público colectivo para proporcionarlles un servizo de desprazamento en taxi, e tamén as persoas maiores ou persoas que presenten unha doenza que lles impida a condución de vehículos que residan no contorno rural, aínda que non presenten ningunha discapacidade, polo que conforme ao disposto polo artigo 20 da LXS a remisión da correspondente información á BDNS realizarase en función destas persoas beneficiarias e dos importes concedidos ás mesmas

Os modelos de solicitude e de xustificación de ditas axudas, están ao dispor das persoas interesadas na sede electrónica do Concello, á cal poden acceder no seguinte enlace sede.santiagodecompostela.gal/sta/CarpetaPublic/doEvent?APP_CODE=STA&PAGE_CODE=PTS_CATSERV